

ORDENANZA FISCAL Nº 26 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELECTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

Conforme ás facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local sobre a potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ao establecido nos artigos 57, 15 e seguintes, do Texto Refundido da Lei de facendas locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, e artigos 20 e seguintes do mesmo texto normativo, e en especial o artigo 24.1 do propio corpo normativo, regúlase mediante a presente ordenanza fiscal a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga, e hidrocarburos conforme ao réxime e ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza.

A tal fin, ex artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello de Narón haberá de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, xustificando de seguido neste preámbulo, a coonestación da ordenanza proxectada aos meritados principios.

Así a actuación normativa proposta se acomoda aos principios de necesidade e eficacia en tanto en canto a concreta regulamentación que incorpora – a imposición dunha taxa que grave a utilización privativa (isto é o uso excluínente) e/ou o aproveitamento especial (non conforme co destino principal do demanio en cuestión) do dominio público local- deviene de interese xeral para toda a comunidade, titular última dos bens públicos; identifica nitidamente a finalidade perseguida no seus artigos relativos ao ámbito de aplicación e ao feito imponible; e resulta ser o instrumento mais idóneo para garantir tal finalidade, a xuízo dos técnicos municipais redactores da mesma.

Predicable igualmente resulta a súa proporcionalidade posto que nela se incorpora a regulamentación precisa para dar cabal cobertura ás necesidades que se pretenden salvagardar, resultando esta iniciativa tributaria respectuosa cos dereitos e obrigas dos seus destinatarios, isto é os suxeitos pasivos da taxa proposta, que gocen, utilicen ou aproveiten o dominio público local (e nomeadamente as empresas ou explotadores dos sectores da auga, o gas, a electricidade, e os hidrocarburos, sempre que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular). A súa coherencia co ordenamento xurídico comunitario, estatal e autonómico acredítase polo seu engarce na normativa facendística local, a regulación en materia de bens das entidades locais e mesmo polas propias disposicións legais especiais dos respectivos sectores produtivos de que se trata, quedando pois engranado e integrado no noso dereito, e resultando a súa redacción clara e de fácil comprensión – dentro da lóxica terminoloxía xurídica e económica empregada polas materias que se están a regular-. Unha vez promulgada esta norma calquera persoa física ou xurídica, suxeito pasivo, coñecerá fidedignamente o marco xurídico da súa actuación e poderá por ende adoptar as decisións que estime oportunas.

Non hai trámites adicionais ou distintos aos contemplados pola normativa de procedemento e na específica en materia tributaria, e axústase na súa tramitación á normativa e directrices aprobadas polo Concello de Narón na sesión plenaria de data 29 de xullo de 2017, inseríndose na páxina municipal de transparencia, unha vez publicada a súa aprobación definitiva no BOP, o que faculta e facilita pois o seu acceso sinxelo, universal e actualizado. Finalmente e en virtude do principio de eficiencia, faise constar que esta iniciativa normativa evita cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos derivados da utilización privativa ou especial do demanio público, anteriormente definida; e os ingresos públicos que se recaden pola imposición desta taxa supeditaríanse, como todos os demais obtidos polo Concello de Narón, ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

ARTÍGO 1.- Ámbito de aplicación

Veñen obrigados ao pago da taxa que regula a presente ordenanza todas as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de Bens e demais entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que leven a cabo a utilización privativa ou se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial do dominio público local coas especificacións e concrecións do mesmo que se dirán, ou que veñan gozando dos devanditos beneficios.

A aplicación da presente ordenanza refírese ao réxime xeral, que se corresponde coa taxa a satisfacer establecida no artigo 24.1.a), do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, nas que non concorran as circunstancias de ser empresas subministradoras de servizos de interese xeral que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e que ocupen o chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, circunstancias previstas para o artigo 24.1.c).

ARTIGO 2.- Feito imponible

Constitúe o feito Imponible da taxa, conforme ao artigo 20 do Texto Refundido da Lei de facendas locais do 5 de marzo de 2004, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no seu chan, subsolo e voo, con:

- a) Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que aos meros efectos enunciativos defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local non recollidos neste apartado.
- b) Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar instalacións das referidas que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Para os efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que se achen no termo municipal así como os bens comunais ou pertencentes ao común de veciños, exceptuándose por iso os denominados bens patrimoniais.

ARTÍGO 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, que gocen, utilicen ou aproveiten o dominio público local.

Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, Lei 58/2003, que teñan a condición de empresas ou explotadores dos sectores de auga, gas, electricidade, e hidrocarburos, sempre que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos nos artigos 20 e seguintes da Lei de facendas locais tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, fornecen e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo neste Concello ou en calquera outro lugar pero que utilicen ou aproveitan o dominio público municipal, afectando coas súas instalacións ao dominio público local.

ARTIGO 4.- Bases, tipos e cotas tributarias.

A contía das taxas reguladas na presente ordenanza será a seguinte:

Constitúe a cota tributaria a contida nas tarifas que figuran no anexo, conforme ao previsto no artigo 24.1.a) do TRLHL, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas pola devandita utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, fixarase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento, coma se os bens afectados non fosen de dominio público, adoptados á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado. O devandito informe incorporarase ao expediente para a adopción do correspondente acordo, coas excepcións dos dous últimos parágrafos do artigo 25 do RDL 2/2004 en vigor.

A tal fin e en consonancia co apartado 1. a) do artigo 24 da Lei reguladora das facendas locais, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial, resultará a cota tributaria correspondente para elementos tales como torres, soportes, postes, tubaxes, liñas, condutores, repetidores, etc., que se asintan e atravesan bens de uso, dominio ou servizo público e bens comunais e que en consecuencia, non tendo os suxeitos pasivos a propiedade sobre os terreos afectados, minguan con todo o seu aproveitamento común ou público e obteñen sobre os mesmos unha utilización privativa ou un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

A cota tributaria resultará de calcular en primeiro lugar a base impoñible que vén dada polo valor total da ocupación, chan e instalacións, dependendo do tipo de instalación, destino e clase que reflicte o estudo, á que se aplicará o tipo impositivo que recolle o propio estudo en atención ás prescricións das normas sobre cesión de bens de uso e dominio público, de modo que a cota non resulta dun valor directo de instalacións e ocupacións, que é o que constitúe a Base Impoñible, senón do resultado de aplicar a esta o tipo impositivo.

En consecuencia, a cota tributaria da taxa está contida no Anexo de Tarifas correspondente ao Estudo Técnico- Económico que forma parte desta ordenanza no que coa metodoloxía empregada obtivo e recolleu a cota tributaria en cada caso.

ARTÍGO 5.- Período impositivo e devengo.

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo nos supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local, casos nos que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar o alta.

b) No caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos desde o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

2. A obrigaón de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos ou utilizacións privativas do dominio público local, no momento de solicitar a licenza correspondente, ou no momento de realizar o aproveitamento definido nesta ordenanza, se se realizou sen a preceptiva licenza.

b) Cando o goce do aproveitamento especial ou a utilización do dominio público local a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, desde o momento en que se iniciou o citado aproveitamento ou utilización privativa do dominio público local.

3. Cando os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do dominio público local prólónguense durante varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

ARTIGO 6.- Normas de xestión.

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación ou liquidación.

2. Esixirase en réxime de autoliquidación no suposto de novos aproveitamentos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2018, debendo o obrigado tributario presentar a correspondente declaración tributaria e autoliquidar o importe resultante, en función do realmente declarado.

Cando a administración tributaria detectase a existencia de aproveitamentos realizados, que non foron declarados nin autoliquidados polo obrigado tributario, a administración liquidará cada un dos devanditos aproveitamentos, sen prexuízo das sancións tributarias que correspondan por incumprimento dos preceptos da presente ordenanza e da Lei xeral tributaria.

3. No suposto de aproveitamentos ou utilizacións continuadas, que teñan carácter periódico, xa existentes ou autorizados, e unha vez determinados os elementos necesarios para o cálculo da débeda tributaria, será confeccionado unha lista cobratoria ou padrón de todos os contribuíntes que vaian tributar por esta taxa, notificándose persoalmente ao suxeito pasivo, ou colectivamente mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período correspondente que se anunciará neste último caso no Boletín Oficial da Provincia. Para a elaboración da citada

lista cobratoria ou padrón, os obrigados tributarios virán obrigados a presentar declaración tributaria que conteña todos os elementos tributarios necesarios para poder practicar as liquidacións tributarias correspondentes.

A estes efectos, entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo, será elaborado o correspondente instrumento cobratorio, que unha vez aprobado polo órgano competente, serán notificadas ao obrigado tributario as liquidacións tributarias derivadas do mesmo.

Con todo, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obrigaón de satisfacer a taxa no período determinado polo Concello.

4. As persoas físicas ou xurídicas e demais entidades interesadas na concesión de aproveitamentos ou na utilización privativa regulados nesta ordenanza ou titulares de concesións administrativas ou outras autorizacións legais, que non contén coa preceptiva, no seu caso, licenza municipal, deberán solicitar a mesma e cumprir os trámites legais que resulten de aplicación, sen que a falta da mesma eximalles do pago da taxa.

5. Unha vez autorizada a ocupación sobre os bens a que se refire esta ordenanza, ou establecida a mesma, se non se determinou con exactitude a duración da autorización que leve o aproveitamento ou a utilización privativa, entenderase prorrogada a efectos desta ordenanza, ata que se presente a declaración de baixa polos suxeitos pasivos.

6. A presentación da baixa terá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obrigaón de continuar abonando a taxa.

ARTÍGO 7.- Infraccións e sancións

En todo o relativo ao réxime de infraccións e sancións, aplicarase o disposto na vixente Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor, despois da súa publicación no BOP, o día 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

GRUPO I ELECTRICIDADE								
INSTALACIÓN		VALOR UNITARIO			RM (0,5)	SUPERFICIE OCUPADA (m2/ml) (C)	VALOR APROVEITAMENTO (€/ml) (A+B)x0,5xC	TOTAL TARIFA (€/ml) (A+B)x0,5x Cx5%
		SOLO (€/m2) (A)	CONSTRUCCIÓN (€/m2) (B)	INMOBLE (€/m2) (A+B)	(A+B)x0.5			
CATEGORÍA ESPECIAL								
TIPO A1	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión U≥ 400 Kv. Dobre circuito ou mais circuitos	0,62	27,57	28,19	14,10	17,70	249,57	12,48
TIPO A2	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión U≥ 400 Kv. Simple circuito	0,62	17,92	18,54	9,27	17,70	164,08	8,20

GRUPO I ELECTRICIDADE								
INSTALACIÓN		VALOR UNITARIO			RM (0,5)	SUPERFICIE OCUPADA (m2/ml) (C)	VALOR APROVEITAMENTO (€/ml) (A+B)x0,5xC	TOTAL TARIFA (€/ml) (A+B)x0,5x Cx5%
		SOLO (€/m2) (A)	CONSTRUCCIÓN (€/m2) (B)	INMOBLE (€/m2) (A+B)	(A+B)x0,5			
TIPO A3	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv<U< 400 Kv. Dobre circuíto ou mais circuítos	0,62	39,02	39,64	19,82	11,18	221,59	11,08
TIPO A4	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 220 Kv<U< 400 Kv. Simple circuíto	0,62	25,36	25,98	12,99	11,18	145,23	7,26
PRIMEIRA CATEGORÍA								
TIPO B1	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 110 Kv<U< 220 Kv . Dobre circuíto ou mais circuítos	0,62	26,33	26,95	13,48	6,78	91,39	4,57
TIPO B2	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 110 Kv<U<220 Kv . Simple circuíto	0,62	20,14	20,76	10,38	6,78	70,38	3,52
TIPO B3	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 66 Kv<U≤ 110 Kv	0,62	20,36	20,98	10,49	5,65	59,27	2,96
SEGUNDA CATEGORÍA								
TIPO C1	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 45 Kv<U≤ 66 Kv. Dobre circuíto ou mais circuítos.	0,62	50,92	51,54	25,77	2,38	61,33	3,07
TIPO C2	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 45 Kv<U≤ 66 Kv. Simple circuíto	0,62	29,46	30,08	15,04	2,38	35,80	1,79
TIPO C3	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 30 Kv<U≤ 45 Kv.	0,62	39,77	40,39	20,20	2,38	48,08	2,40
TERCEIRA CATEGORÍA								
TIPO D1	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 20 Kv<U≤ 30 Kv	0,62	29,18	29,80	14,90	1,88	28,01	1,40
TIPO D2	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 15 Kv<U≤ 20 Kv	0,62	20,55	21,17	10,59	1,74	18,43	0,92
TIPO D3	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 10Kv<U≤ 15 Kv	0,62	19,69	20,31	10,16	1,74	17,68	0,88
TIPO D4	Un metro de liña aérea de alta tensión. Tensión 1Kv<U≤ 10 Kv.	0,62	14,53	15,15	7,58	1,52	11,52	0,58

GRUPO II GAS E HIDROCARBUROS								
INSTALACIÓN		VALOR UNITARIO			RM (0,5)	SUPERFICIE OCUPADA (m2/ml) (C)	VALOR APROVEITAMENTO (€/unidade de medida) (A+B)x0,5xC	TOTAL TARIFA (€/unidade de medida) (A+B)x0.5x Cx5%
		SOLO (€/m2) (A)	CONSTRUCCIÓN (€/m2) (B)	INMOBLE (€/m2) (A+B)	(A+B)x0.5			
TIPO A	Un metro de canalización de ata 4 polgadas de diámetro.	0,62	16,39	17,01	8,51	3,00 (m2/ml)	25,53 (€/ml)	1,28 (€/ml)
TIPO B	Un metro de canalización de gas de máis de 4 polgadas e ata 10 polgadas de diámetro	0,62	28,68	29,30	14,65	6,00 (m2/ml)	87,90 (€/ml)	4,40 (€/ml)
TIPO C	Un metro de canalización subterránea de gas de máis de 10 polgadas de diámetro e ata 20 polgadas.	0,62	46,09	46,71	23,36	8,00 (m2/ml)	186,88 (€/ml)	9,34 (€/ml)
TIPO D	Un metro de canalización de gas de máis de 20 polgadas de diámetro.	0,62	49,16	49,78	24,89	10,00 (m2/ml)	248,90 (€/ml)	12,45 (€/ml)
TIPO E	Unha instalación de impulsión, depósito ou tanque gas ou hidrocarburos de ata 10 m3.	0,62	63,50	64,12	32,06	100,00 (m2/Ud)	3.206,00 (€/Ud)	160,30 (€/Ud)
TIPO F	Unha instalación de impulsión, depósito ou tanque gas ou hidrocarburos de 10 m3 o superior.	0,62	63,50	64,12	32,06	500,00 (m2/Ud)	16.030,00 (€/Ud)	801,50 (€/Ud)

GRUPO III AGUA								
INSTALACIÓN		VALOR UNITARIO			RM (0,5)	SUPERFICIE OCUPADA (m2/ml) (C)	VALOR APROVEITAMENTO (€/ml) (A+B)x0,5xC	TOTAL TARIFA (€/ml) (A+B)x0.5 x Cx5%
		SOLO (€/m2) (A)	CONSTRUCCIÓN (€/m2) (B)	INMOBLE (€/m2) (A+B)	(A+B)x0.5			
TIPO A	Un metro de tubaxe de ata 10 cm. de diámetro	0,62	10,37	10,99	5,50	3,00	16,50	0,83
TIPO B	Un metro de tubaxe superior a 10 cm. e ata 25 cm. de diámetro	0,62	13,29	13,91	6,96	3,00	20,88	1,04
TIPO C	Un metro de tubaxe superior a 25 e ata 50 cm. de diámetro.	0,62	18,98	19,60	9,80	3,00	29,40	1,47
TIPO D	Un metro de tubaxe superior a 50 cm. de diámetro.	0,62	22,87	23,49	11,75	3,00	35,25	1,76

GRUPO III AGUA								
INSTALACIÓN		VALOR UNITARIO			RM (0,5)	SUPERFICIE OCUPADA (m2/ml) (C)	VALOR APROVEITAMENTO (€/ml) (A+B)x0,5xC	TOTAL TARIFA (€/ml) (A+B)x0.5 x Cx5%
		SOLO (€/m2) (A)	CONSTRUCCIÓN (€/m2) (B)	INMOBLE (€/m2) (A+B)	(A+B)x0.5			
TIPO E	Un metro lineal de canal.	0,62	26,53	27,15	13,58	D	13,58xD	0,679xD

GRUPO IV OTROS								
INSTALACIÓN		VALOR UNITARIO			RM (0,5)	SUPERFICIE OCUPADA (m2/ml) (C)	VALOR APROVEITAMENTO (€/unidade de medida) (A+B)x0,5xC	TOTAL TARIFA (€/unidade de medida) (A+B)x0,5x Cx5%
		SOLO (€/m2) (A)	CONSTRUCCIÓN (€/m2) (B)	INMOBLE (€/m2) (A+B)	(A+B)x0.5			
TIPO A	Por cada metro cadrado de superficie en planta realmente ocupado de subsolo en toda a súa profundidade.	0,62	13,79	14,41	7,21	2,00 (m2/ml)	14,42 (€/ml)	0,72 (€/ml)
TIPO B	Por cada metro cadrado de superficie ocupada en planta realmente ocupado no solo ou no voo en toda a súa altura.	0,62	10,37	10,99	5,50	1,00 (m2/m2)	5,50 (€/m2)	0,28 (€/m2)